

A REPRESENTACIÓN DE ROSALÍA DE CASTRO NO ÁMBITO ANGLÓFONO: FEMINISMO EN TRADUCCIÓN

Olga Castro

Aston University

Birmingham

doi:10.17075/rcsxxi.2014.35



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

A crítica feminista galega desvelou nas últimas décadas como a canonización de Rosalía de Castro no sistema literario galego transmitiu, polo xeral, unha imaxe da autora acorde co ideario rexionalista, acalando o seu discurso fundamentalmente transgresor desde o punto de vista do xénero. Ao mesmo tempo, esta crítica vén ofrecendo novas lecturas da produción literaria da autora en clave feminista. Desvela así a existencia dunha Rosalía de Castro poliédrica que conxuga a súa conciencia nacional cunha perspicaz conciencia de xénero para identificar a discriminación que sufrían as mulleres da súa contorna, o que, sen dúbida, converte a autora galega en toda unha pioneira do feminismo literario occidental.

A partir da (re)lectura feminista destes traballos, o obxectivo deste artigo é ofrecer unha contribución á proxección exterior do discurso feminista rosaliano a través da tradución ao inglés dalgunhas das súas obras máis combativas no plano do xénero. Para iso, en primeiro lugar, ofrecerei unha contextualización de Rosalía de Castro nas rutas do tráfico literario da tradución de autoras galegas a outros idiomas e, máis especificamente, á lingua inglesa. Posteriormente, pondo énfase na tradución das tres obras de prosa rosaliana onde a compoñente feminista é máis explícita —*Lieders* (1858), *La hija del mar* (1859) e *Las literatas. Carta a Eduarda* (1866)—, iniciarei unha análise comparativa entre as primeiras traducións ao inglés de *Daughter of the Sea* (1995), *Lieders* (1996) e *Bluestockings* (1997) realizadas por Kathleen March na década dos 90 do século xx; a tradución posterior *Women Writers* dispoñíbel na escolma *Selected Poems* (2007) de Michael Smith; e, finalmente, as traducións *Child from the Sea*, *Songs* e *Literary Women* recollidas na escolma *The Poetry and Prose of Rosalía de Castro* (2010), en edición e tradución de John P. Dever e Aileen Dever. A análise centrarase na compoñente metatextual, e mais concretamente nos metatextos producidos polas tradutoras e tradutores, para esculcar así como lle presentan o feminismo rosaliano á audiencia meta.

1. A COMPOÑENTE FEMINISTA NA OBRA ROSALIANA

En pleno século XXI, a ligazón entre a noción de feminismo literario e o nome de Rosalía de Castro resulta incuestionábel. Á hora de estudar a autora de Padrón, xa desde mediados dos anos 80 do século pasado, traballos como o de Catherine Davis (1983) reclamaban a necesidade de novos enfoques críticos que ansiasen superar a imaxe da Rosalía canonizada polas elites literarias galeguistas (e patriarcais) do *Rexionalismo galego* coetáneas á autora; esa imaxe que poñía a énfase na súa faceta de muller sufridora e resignada, de santiña e chorona creadora dunha obra de carácter confesional e costumista, mais unha imaxe que serviría tamén para a converter no mito fundacional da literatura galega, até o punto de que

[n]ingunha outra personalidade de Galicia foi e é tan asumida como súa polo pobo galego. Rosalía de Castro resulta, co seu capital simbólico acumulado, xeración tras xeración, un referente nacional, tanto para os propios coma para os estraños, tanto dentro coma lonxe de Galicia. Ningunha outra figura literaria ou cultural ou política ou o que for xerou tantas páxinas, tantas imaxes, tanta música ou tanta arte en xeral coma Rosalía de Castro. (Angueira 2009: 95).

Moitos dos novos enfoques chegaron coa realización en 1985 do Congreso Internacional de Estudos sobre Rosalía de Castro e o seu Tempo, que deu acubillo, entre outros aspectos, a diversas lecturas rosalianas desde os feminismos. Un repaso polos numerosos traballos críticos que desde aquela reinterpretaron a Rosalía de Castro con lentes feministas (Castro Buerguer 2009, García Negro 2006, Geofrion-Vinci 2002, González Fernández 2009, González Liaño 2007, March 1990 e 1994, entre outros) descubren unha autora plural e moi rica, que, como afirmaba máis arriba, conxuga a súa conciencia nacional cunha lúcida conciencia de xénero. Ao longo da súa produción literaria, Rosalía de Castro denuncia a opresión e escravitude das mulleres na sociedade galega, tanto nas súas declaracións políticas explícitas como na ficcionalización de personaxes femininas, centrándose nos dous mundos que máis familiares lle resultaban: as mulleres do rural (víctimas da emigración dos seus maridos ou da economía rural caciquil) e as escritoras. Lonxe de quedar confinada nos círculos universitarios e académicos, estas novas lecturas transmitíronse tamén a través de canles divulgativas; abonda

reparar no título do documental *Rosalía de Castro: feminista en la sombra* emitido no ano 2003 na televisión pública española La 2, como parte da serie «Mujeres en la Historia». É xustamente esta definición de «feminista en la sombra» a que escolle Pilar García Negro na entrevista coa que pecha o documental, para converterse tamén, anos máis tarde, no título dun dos seus artigos académicos sobre o feminismo rosaliano (García Negro 2006). A mesma estudosa incide na idea de rebeldía asociada a Rosalía (García Negro 2010a) e posteriormente afirma, na súa contribución ao monográfico sobre Rosalía de Castro ao que se lle dedica o número 26 da *Festa da Palabra Silenciada*, que «[o] feminismo non é adxectivo ou circunstancial na obra da nosa escritora, senón substantivo, isto é, constitúese como un *principio organizador* de toda a súa obra e, por tanto, a xinocrítica ou os estudos de xénero amósanse válidos e aptos, epistemoloxicamente, para estudala e avaliala» (García Negro 2010b: 14, énfase no orixinal). Partindo dunha visión semellante, na súa contribución a ese mesmo volume, Helena González chega a propor un cambio de foco na interpretación dos poemarios rosalianos para que, en contra do que segue a ser a tendencia habitual, agora se invertan os termos e se antepoña o seu compromiso coas mulleres á proposta da construción nacional:

A alteración de factores resulta relevante para abordar unha interpretación destes textos fundacionais do canon literario que se axeite á traxectoria ideolóxica da propia autora. Xa que logo é a vindicación a que artella a nación na obra de Rosalía de Castro, e non á inversa, como parece inferirse dos costumes críticos. (González Fernández 2010: 6).

En suma, e como teño argumentado noutra parte (Castro 2012), estamos fronte a unha dobre excepcionalidade rosaliana. Á excepcionalidade da Rosalía de Castro escritora nun mundo de homes, súmase a excepcionalidade (e o carácter absolutamente pioneiro) do seu feminismo literario. Argumentada a importancia estratéxica deste discurso, cómpre, pois, examinar como se traslada esa compoñente na proxección exterior da autora no ámbito anglófono, que previamente contextualizarei no marco das dinámicas de tradución literaria das autoras galegas a outras linguas, e máis especificamente ao inglés.

2. FEMINISMO EN TRADUCCIÓN: AUTORAS GALEGAS TRADUCIDAS A INGLÉS

Un dos eidos de análise das teorías feministas sobre os estudos de tradución — campo este en auge exponencial na presente década— é o estudo do tráfico da tradución entre distintos sistemas literarios. Partindo de que «la selección de escritoras (o escritores) que traducen no puede considerarse ni casual ni inocente, ni neutral, sino coherente con las propias premisas teóricas e ideológicas» (Nikolaidou/López 1997: 95), estes traballos debullan que autoras e autores se difunden alén das súas fronteiras mediante a tradución, buscando determinar a que responden (e a quen corresponden) estas escollas. Olladas as análises desde unha perspectiva transversal, o que revelan é unha tendencia xeneralizada a excluír os textos de autoras das dinámicas de tradución; isto é, detéctase unha tendencia a traducir un número considerablemente inferior de autoras ca de autores. Dunha banda, isto acontece non unicamente en termos absolutos —o cal podería xustificarse, se cadra, aducindo a existencia dun menor número de escritoras ao longo da historia—, senón tamén proporcionalmente, e mesmo en períodos con produción literaria de autoras abondosa. Da outra banda, esta exclusión das autoras dáse en paralelo á inclusión nas rutas de tradución de autores de importancia considerablemente menor. En suma, moitas obras de autoras relevantes fican perdidas polo canon patriarcal ao non lles ter outorgado valor abondo para seren traducidas. Polo tanto, a «non tradución» de autoras funciona como instrumento de silenciamento e exclusión.

Indo desde o global até o contexto local do sistema literario galego, un exame minucioso do tráfico de tradución confirma esta tendencia xeral, tanto no que respecta á tradución de literatura internacional de autoras ao idioma galego como tamén no que respecta á tradución de literatura de autoras galegas a outras linguas. Situándonos neste último apartado, dos datos recompilados ao longo das 739 páxinas do *Catálogo de obras literarias en lingua galega traducidas a outros idiomas. Unha primeira achega* (Casares 2003), despréndese que dun total das 258 figuras autorais recollidas até o ano 2000, tan só 32 son autoras. No que atinxe á tradución ao inglés de obras publicadas en formato libro e en galego (Dunne 2013a), tan só escritoras como María Xosé Queizán, Chus Pato, María do Cebreiro, Pilar Pallarés e Rosalía de Castro forman parte do selecto club, sumando entre elas 7 libros dun total dos 31 traducidos. Esta dinámica censora coas autoras tería como consecuencia eviden-

te que a imaxe internacional proxectada da literatura non é, en absoluto, representativa, mutilando as posibilidades de que elas alcancen un recoñecemento global.

A compoñente emancipadora e activista inherente ás teorías feministas vai alén de identificar manifestacións patriarcais na sociedade, para abranguer tamén propostas de cambio social. É por iso que, unha vez detectada esta tendencia de exclusión das escritoras, unha das estratexias postas en marcha foi a de utilizar a tradución como unha ferramenta política coa que sacar do anonimato e da marxinação a moitas autoras sepultadas na indiferenza patriarcal, pondo á disposición do público o seu coñecemento, pensamento, experiencias e traballo creativo.

Entre as voces que con máis vigor demandan esta recuperación, destaca a de Françoise Massardier-Kenney (1997), quen coa súa proposta de «redefinition of a feminist translation practice» reivindica a utilización de estratexias centradas na autoría para conseguir «to change literary history by bringing to light authors that were inaccessible before» (1997: 65). Esta autora incide, así mesmo, na necesidade de contextualizar a cada autora e obra feminista traducida no seu propio sistema e mais no sistema do que (mediante a tradución) tamén vai formar parte. Para iso, presenta a estratexia de «commentary», que consistiría en «using the metadiscourse accompanying the translation to make explicit the importance of the feminine» (1997: 60).

En efecto, o material metatextual que arrodea fisicamente a tradución pode verse como parte dunha tradución densa que, con vontade pedagóxica, busque introducir o público lector na riqueza dunha textualidade culturalmente distante. Isto é o que propuxera xa Anthony Appiah (1993) cando, partindo da noción de «thick description» do antropólogo Clifford Geertz, a define como aquela que «seeks with its annotations and its accompanying glosses to locate the text in a rich cultural and linguistic context in an effort to attend to how various other people really are or were» (1993: 817). Este aparato metatextual resultaría o lugar idóneo no que a tradutor/a podería contextualizar a autoría e a obra orixinal e explicitar a súa relación con elas, co obxectivo de preparar a audiencia para unha lectura máis meticulosa e permitirlle estar mellor equipada para o exercicio de exposición a un texto novo. Sería un xeito, así mesmo, de tender pontes de diálogo entre estas culturas, máxime cando entre elas operan relacións de poder asimétricas.

3. ROSALÍA EN TRADUCCIÓN AO INGLÉS

Neste contexto global e galego de non tradución de autoras, a Rosalía de Castro traducida sitúase, porén, de novo na excepción/excepcionalidade. De incluírmos no cómputo a súa produción literaria en galego e en castelán, a autora de Padrón é unha das figuras autorais máis traducidas a outros idiomas, como testemuñan as 13 páxinas dedicadas á autora no xa mencionado *Catálogo* (Casares 2003: 74-85), necesarias para incluír os máis de 150 extractos, antoloxías e libros completos. A elas aínda cumpriría engadir varias páxinas máis para cubrir todas as traducións publicadas desde o ano 2000.

Canto á súa difusión en lingua inglesa, se ben *Cantares gallegos/Galician Songs* (trad. Erín Moure) se converteu en 2013 no primeiro volume orixinariamente escrito en galego que aparece como tal en tradución ao inglés, os versos e a prosa rosaliana en galego e en castelán xa apareceran en diferentes publicacións. Entre elas, fragmentos publicados en volumes recompilatorios por época ou xénero literario; extractos seleccionados nas catro antoloxías de textos rosalianos publicados até o presente en 1964, 1991, 2007 e 2010; e publicacións independentes dalgunha obra en castelán.

Indubidabelmente, nalgúns casos esta difusión a través das rutas da tradución podería verse facilitada pola súa canonización no sistema galego ou a súa etiquetaxe en movementos literarios como o Romanticismo español. Mais, noutros casos, as traducións de Rosalía de Castro estarían estreitamente relacionadas co labor de tradutor@s-iniciador@s, que, lonxe de se proxectaren como tradutor@s invisíbeis e pasiv@s, darían mostras da súa intervención consciente a nivel metatextual. Dada esta importancia do aparato metatextual, a pregunta que artella a miña análise é a seguinte: alén do nivel estritamente lingüístico, como se traslada a nivel metatextual a compoñente transgresora de xénero inherente e transversal na obra rosaliana?

Malia o discurso combativo de xénero constituír unha compoñente transversal presente en toda a súa obra rosaliana, adoita existir un certo consenso ao concluír que é na prosa en castelán —en particular, en obras como *Lieders* (1858), *La hija del mar* (1859) e *Las Literatas. Carta a Eduarda* (1866)— onde este discurso se manifesta dun xeito máis explícito. A modo ilustrativo, no breve ensaio *Lieders* publicado no Álbum del Miño (de Vigo), aos seus 21 anos, Rosalía de Castro

manifesta as súas ansias de liberdade nun mundo patriarcal, retrucándolles aos «señores de la tierra» que ameazan a súa mirada que «Yo soy libre. Nada puede contener la marcha de mis pensamientos, / y ellos son la ley que rige mi destino». A exaltación de liberdade concrétese, no plano da literatura, no prólogo da súa primeira novela, *La hija del mar*, onde bota man da ironía para xustificar a súa escrita e denunciar con intelixencia que «todavía no les es permitido a las mujeres escribir lo que sienten y lo que saben». Tamén en clave irónica e epistolar, en *Las literatas. Carta a Eduarda*, publicado no *Almanaque de Galicia* (de Lugo), a autora advirte dos atrancos cos que se atopa unha muller que decide dedicarse á literatura no século XIX, como os ataques á calidade da súa obra, a constante dúbida sobre a súa aptitude intelectual e, mesmo, a usurpación de textos por parte dos seus maridos.

Xa que logo, é este o motivo polo que no presente estudo comparativo me centrarei na representación metatextual das traducións *Daughter of the Sea* (1995), *Lieders* (1996) e *Bluestockings* (1997), realizadas por Kathleen March; a tradución *Women Writers* incluída na escolma *Selected Poems* (2007) de Michael Smith; e as traducións *Child from the Sea*, *Songs* e *Literary Women* dispoñíbeis na antoloxía *The Poetry and Prose of Rosalía de Castro* (2010), de John Dever e Aileen Dever.

4. O FEMINISMO ROSALIANO NOS METATEXTOS DAS TRADUCIÓNS A INGLÉS: LA HIJA DEL MAR, LIEDERS E LAS LITERATAS. CARTA A EDUARDA

4.1. As traducións de Kathleen March: *Daughter of the Sea* (1995), *Lieders* (1996) e *Bluestockings* (1997)

Ao longo da década dos 90 do século pasado, a tradutora e profesora da University of Maine, Kathleen March, comezou o labor de traducir textos rosalianos co desexo de difundir en inglés estas obras para que Rosalía de Castro formase parte da historia literaria mundial, como xa se ten estudado (véxase González Liaño 2001 e 2002). Desta declaración de intencións evidénciase claramente o compromiso de March coa causa feminista en xeral, e coa presentación de Rosalía

como figura clave do feminismo literario en particular, aspecto este no que xa tiña incidido en traballos previos como «Lieders, ¿primeiro manifesto feminista na Galiza?» (1990) ou *De musa a literata: el feminismo en la obra narrativa de Rosalía de Castro* (1994). Xa que logo, é March unha tradutora-iniciadora que emprega a tradución como mecanismo de visibilización dunha escritora feminista. Este labor militante e consciente reflíctese no uso esmerado de metatextos, nos que deixa a súa pegada como mediadora cultural e ideolóxica, e que constituirían un exemplo de «commentary», no sentido de Massardier-Kenney.

Canto á tradución de *Daughter of the Sea* (1995), March publicouna como libro independente na editorial académica Peter Lang. Nas 165 páxinas da tradución, inclúese un extenso limiar con información exhaustiva sobre a vida e obra de Rosalía de Castro, o marco histórico-social da autora e a posición xeográfica de Galiza, xunto cun desexo que demostra a implicación emocional de March na causa: «it is my hope that in this way we will come a few steps closer to providing both the specific and the universal context for an accurate appraisal of this Galician woman who was any thing but a “provincial” writer» (1995: XI). Nas notas a rodapé, March realiza unha transcripción dos nomes citados ao longo da novela, ampliando para o público anglófono e contemporáneo a información sobre a importancia destas personaxes en relación coa defensa das mulleres, por pertenceren a un contexto distante culturalmente e tamén máis afastado no tempo. Amais, a tradutora asiste na lectura desvelando algúns recursos estilísticos rosalianos como a ironía e a parodia, que funciona como retórica coa que escapar da censura.

A brevidade do manifesto *Lieders* (1996) determinou que a súa publicación fose como separata en forma de tríptico, na editorial Amaranta Press, inauguraba o primeiro número da colección A Lembrada. A tradución vén introducida por un texto en que March introduce e contextualiza a importancia de Rosalía no sistema literario galego, ao tempo que achega datos históricos e bibliográficos. Tamén anuncia a publicación inminente do número 2 da colección, *Las literatas*, para avanzar que «[t]ogether, these two texts represent a clear distillation of progressive, uncommon thought from a “provincial” woman whose situation was no tentirely unlike her Mexican-born predecessor, Sor Juana Inés de la Cruz». Esta comparativa cun referente literario máis coñecido no contexto meta corrobora, máis unha vez, as intencións de March tamén expresadas con contundencia

na introdución: «*Lieders* has been translated so that it can be included in the comparative studies of early modern feminism in Europe». Finalmente, censura o silencio que rodeou estes escritos ao denunciar que «[i]t took several generations, until nearly a century after her death, before Rosalía was recognized for her feminist and nationalist ideas». Xa que logo, nos comentarios introdutorios ás súas traducións, March entretece o punto de vista feminista co poscolonial non só demostrando que é consciente da interrelación xénero/nación na obra rosaliana, senón tamén facendo coñecedora de ambas as dimensións á audiencia meta. Á vista desta metatextualidade, acho precipitado e certamente discutíbel afirmar, como fai Reimóndez, que «Kathleen March, aínda que é consciente dos dous puntos de vista [poscolonial e feminista], traduciu principalmente a obra de Rosalía en castelán (dado que se concentrou na súa prosa) e isto pode que non axudase a que dese visibilidade á loita nacional nas súas traducións» (Reimóndez 2009: 92).

Tal e como se anunciara, o número 2 da colección *A Lembrada*, de Amaranta Press, foi para *Bluestockings* (1997). Trátase, neste caso, dun díptico de dúas caríñas. A tradución non está encabezada por un texto de creación da tradutora (dalgún xeito, o texto si fora introducido no número 1 da colección), pero si inclúe seis notas a rodapé nas que explican termos culturais e amplían información sobre obras e escritoras/es relacionadas con Rosalía, como George Sand e Lord Byron.

4.2. A tradución de Michael Smith: «Women Writers», en *Selected Poems* (2007)

Unha década despois da última tradución da estadounidense March, o tradutor Michael Smith editou e traduciu unha escolma de poética rosaliana, publicada en Shearsman cunha axuda da Xunta de Galicia. A estrutura do libro componse dunha «Brief Biography» da autora, unha «Introduction» e uns «Acknowledgments» escritos polo mesmo Smith. Deseguido, sitúanse as traducións dalgúns poemarios seleccionados de *A mi madre*, *Cantares gallegos*, *Follas novas* (incluíndo o prólogo) e *En las orillas del Sar*, para rematar coa tradución da peza en prosa *Women Writers. A letter to Eduarda*. Esta tradución (2007: 126-131) non aparece contextualizada, se ben, ao remate do apartado de agradecementos, o tradutor inclúe unha nota, como engadido á parte, no que xustifica o seu criterio para

incluir un texto en prosa no que se supón que habían ser uns *Selected Poems*. Engade: «Note: I have included two prose pieces by Rosalía for the light they throw on her difficulties as a woman writer in the Spain of her time, and also for some other ideas about writing» (2007: 14).

Dous comentarios agroman desta nota. O primeiro, que Smith é coñecedor das ideas feministas de Rosalía pois, como el mesmo afirma nunha entrevista publicada en *Mundo Adiante* (en Dunne 2013b), «I had come across her name in various books of feminism, but when I went to look for her poems, I found that these were unavailable or had been poorly translated or were in outdated English». O segundo, que a mención a España non semella casual, dado que o tradutor sitúa a Rosalía no panorama poético español xa desde o primeiro parágrafo: «before adding my pennyworth to the understanding and appreciation of the work of the Galician poet, a little might usefully be said about her place in Spanish poetry» (2007: 11). En efecto, ao longo da introdución, Smith traza as conexións entre a produción rosaliana e autores pertencentes ao sistema literario castelán como Lorca, Juan Ramón Jiménez ou Antonio Machado, ao tempo que critica que grandes nomes da literatura española ignoren a produción desta autora. Os vínculos con Galiza límitanse a mencionar, de xeito tanxencial, a existencia dunha lingua diferente que deixara de usarse en forma escrita desde as cantigas de amigo medievais até o século XIX, momento dun rexurdimento que compara co irlandés e do que Rosalía sería protagonista.

4.3. A tradución de John P. Dever e Aileen Dever: *The Poetry and Prose of Rosalía de Castro. A Bilingual Facing Page Edition* (2010)

No ano 2010, saíu do prelo *The Poetry and Prose of Rosalía de Castro. A Bilingual Facing Page Edition* (2010), editado e traducido polo catedrático emérito da Western Connecticut State University, John P. Dever, e a profesora da Quinnipiac University in Hamden, Aileen Dever. Tal e como esta última afirma nunha entrevista publicada en *Mundo Adiante*, a orixe da publicación radica en que «[m]y father and I were drawn to the beauty and meaningfulness of Rosalía's poetry and essays» (en Dunne 2013c). Nos textos promocionais da editorial The Edwin Mellen Press, a obra preséntase como

the most thorough and representative volume of poetry and prose from Rosalía de Castro (1837-1885) ever translated into English. The book contains a comprehensive Introduction that provides essential information about the Galician land and language, supernatural spirits and shadows so significant in Rosalía de Castro's works, her life and legacy, themes and techniques, principal publications.

Antes diso, abre a antoloxía un prefacio de Marco A. Arenas, profesor emérito da Central Connecticut State University, remarcando así o carácter marcadamente académico do volume en edición bilingüe, sempre moi coidada, que chega ás 496 páxinas. Aos agradecementos, segue unha introdución extensa (2010: 1-24), na que Dever e Dever abordan todos os aspectos mencionados na cita anterior, presentando as particularidades da cultura e sociedade galega na que inscriben a Rosalía, e demostrando, amais, un coñecemento das variábeis de xénero e dos mecanismos que decote operan para minimizar e minorizar as escritoras pola súa condición feminina. Así, no segundo parágrafo da introdución, xustifican o uso que fan ao longo do volume do nome de pía da autora (Rosalía), no canto de se referiren a ela cos apelidos, argüíndo que «the use of her first name is by no means patronizing or reductive. Rather, it signals respectful familiarity and tacit recognition» (2010: 1). Unha consciencia semellante é a que amosan unhas páxinas máis adiante ao reflexionar sobre os problemas de tradución do xénero lingüístico do galego ou castelán cara ao inglés, explicando que se mostran «attentive to linguistic gender bias throughout this project, as Rosalía would have wanted a translation that strove for inclusivity. Therefore, we maintain gender neutrality whenever a structure is clearly intended to be generic» (2010: 2-3).

Outro aspecto primordial para comentar é a explicación sobre os criterios de inclusión das obras seleccionadas para a escolma. Menciónanse os tres volumes poéticos que se recollen no libro (*Cantares gallegos* como capítulo 2, *Follas novas* no capítulo 3 e *En las orillas del Sar* no capítulo 4), para rematar a sección cunha breve mención aos tres extractos en prosa en castelán:

Castilian prose selections included in this book such as *Lieders*, the prologue to *La hija del mar*, and *Las literatas* focus on female intellectual and artistic liberation as well as the subordinate status of women in society. For years now literary critics have directed their attention to these «feminist» themes in Rosalía's works (2010: 20).

Amais da importancia de ser esta a primeira ocasión en que aparecen nunha mesma publicación as traducións ao inglés destes tres textos clave para entender o feminismo rosaliano, cómpre subliñar que son xustamente estas obras en prosa as que abren o libro, constituíndo o capítulo 1 que se titula «Brief Prose Selections». Cada un dos catro capítulos bilingües iníciase cunha introdución específica, que de novo funciona como metatexto en que se contextualiza a obra en cuestión. No caso do capítulo 1, *Songs* (2010: 25-30), *Prologue. Child from the Sea* (2010: 31-36) e *Literary Women* (2010: 37-50) contan con cadansúa introdución, na que se dá conta dos aspectos máis significativos enmarcados na época da súa produción, destacando sempre o discurso rosaliano máis combativo. Como exemplo, de *Songs* afirman: «This courageous piece is astonishing for its candid feminist content and rousing, indignant, rebellious tone» (2010: 26). Pechan o volume un apartado para notas (2010: 433-448), unha bibliografía extensa que recolle os traballos sobre a autora consultados á hora de preparar a edición e tradución (2010: 449-454) e un índice alfabético.

5. A MODO DE PECHE

Ao longo deste artigo, propuxen estudar a proxección exterior do discurso feminista rosaliano, centrándome na metatextualidade da que se responsabiliza o suxeito tradutor nas diversas traducións ao inglés das tres obras en prosa nas que a compoñente de xénero é máis combativa. Como a análise puxo de manifesto, nos comentarios que acompañan as súas traducións, Kathleen March (1995, 1996 e 1997), Michael Smith (2007) e John P. Dever e Aileen Dever (2010) deixan entrever o seu coñecemento sobre a importancia que a dimensión de xénero ten na obra rosaliana.

Priorizar o estudo dos aparatos metatextuais obrigoume a deixar fóra a análise das escollas lingüísticas na tradución. Quedará para outra ocasión, pois, afondar en como a tradución *Child from the Sea* de Dever e Dever (para *La hija del mar*) implica a desaparición do xénero feminino explícito no orixinal e na tradución anterior de March. A tradución de *Songs* (para *Lieders*) proposta por Dever e Dever merecería un estudo en máis detalle; como tamén o merecería a súa tradución de *Literary Women* (para *Las literatas*), fronte ás propostas de *Bluestockings* de

March (con todas as connotacións de resignificación que o termo leva consigo), ou a perda de matices inherente ao *Women Writers*, que propuxera Smith.

Malia que o nivel de implicación varíe, a decisión de March de traducir os textos como libro independente e separatas, a decisión de Smith de incluír un fragmento en prosa dentro do que presenta como antoloxía poética e a decisión conxunta de Dever e Dever de abrir a súa antoloxía bilingüe xustamente coa prosa rosaliana converte os suxeitos tradutores, nos tres casos, en axentes activas/os que desempeñan un papel primordial no avance dos feminismos literarios en xeral, e no coñecemento das ideas feministas de Rosalía de Castro no século XIX en particular. Por moito que quede tamén pendente o estudo da difusión e recepción dos textos traducidos nos respectivos sistemas meta, si semella viábel alcanzar agora unha conclusión provisional: dada a transversalidade dos movementos feministas, e independentemente de que as publicacións poidan ir máis dirixidas a un público académico estadounidense (caso dos textos de March e de Dever e Dever), como a un público británico con intereses en poesía (caso do texto de Smith), dispor destas traducións ao inglés ten o potencial non só de permitir unha maior internacionalización de Rosalía de Castro, senón tamén de favorecer novos diálogos con estudosos e estudosas desexosas de se achegaren á nosa autora desde novas olladas críticas.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ANGUEIRA, Anxo (2009): «Algunhas visións de Rosalía de Castro», en Anxo Angueira (ed.), *Rosalía 21*, Vigo, Xerais, 95-102.
- APPIAH, Kwame Anthony (1993): «Thick Translation», *Callaloo*, 16:4, 808-819.
- CASARES, Carlos (dir.) (2003): *Catálogo de obras literarias en lingua galega traducidas a outros idiomas. Unha primeira achega* (http://www.culturagalega.org/especiais/aviles/catalogo_traducidas.pdf) [última consulta: maio 2013].
- CASTRO, Olga (2010): *Tradución, xénero, nación: cara a unha teoría e práctica da tradución feminista*. [Tese de doutoramento dirixida por Burghard Baltrusch e Belén Martín Lucas]. Departamento de Tradución e Lingüística, Universidade de Vigo.
- CASTRO, Olga (2012): «La traducción como mecanismo de (re)canonización: el discurso nacional y feminista de Rosalía de Castro en sus traducciones a inglés», *Quaderns*, 19, 199-207.
- CASTRO, Olga (2013): «Introduction: Gender, Language and Translation at the Crossroads of Disciplines», *Gender and Language*, 7:1, 1-8.
- CASTRO, Rosalía de (1995): *Daughter of the Sea*. [Trad. Kathleen March]. Nova York, Peter Lang.
- CASTRO, Rosalía de (1996): *Lieders*. [Trad. Kathleen March]. Orono, Amaranta Press.
- CASTRO, Rosalía de (1997): *Bluestockings*. [Trad. Kathleen March]. Orono, Amaranta Press.
- CASTRO, Rosalía de (2001): *A filla do mar*, Noia, Toxosoutos.
- CASTRO, Rosalía de (2005 [1859]): *La hija del mar*. [Ed. de Montserrat Ribao]. Madrid, Akal.
- CASTRO, Rosalía de (2006 [1858]): «Lieders», en *El caballero de las botas azules, Lieders, Las literatas*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 499-503.
- CASTRO, Rosalía de (2006 [1866]): «Las literatas. Carta a Eduarda», en *El caballero de las botas azules, Lieders, Las literatas*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 505-514.
- CASTRO, Rosalía de (2013): *Galician Songs*. [Trad. Erín Moure]. Sofía, Small Stations Press / [Santiago de Compostela], Xunta de Galicia.
- CASTRO BUERGUER, Iago (2009): «Rosalía de Castro: transgresión e feminismo», en Anxo Angueira (ed.), *Rosalía 21*, Vigo, Xerais, 77-84.
- DAVIS, Catherine (1983): «Rosalía de Castro, Criticism 1950-1980. The Need for a New Approach», *Bulletin of Hispanic Studies*, 61, 211-220.
- DEVER, John P. / Aileen DEVER (eds.) (2010): *The Poetry and Prose of Rosalía de Castro. A Bilingual Facing Page Edition*. [Trad. John Dever e Aileen Dever]. Lewiston/Queenston/Lampeter, The Edwin Mellen Press.
- DUNNE, Jonathan (2013a): «Galician books in English», en Small Stations Press (<http://www.smallstations.com/galician.htm>) [última consulta: maio, 2013].
- DUNNE, Jonathan (2013b): «Rosalía Translators —Interview with Michael Smith», en *Mundo Adiante*, 22-02-2013, (<http://mundoadiante.blogspot.com.es/2013/02/rosalia-translators-interview-with.html>) [última consulta: maio, 2013].
- DUNNE, Jonathan (2013c): «Rosalía Translators —Interview with Aileen Dever», en *Mundo Adiante*, 23-02-2013, (http://mundoadiante.blogspot.com.es/2013/02/rosalia-translators-interview-with_23.html) [última consulta: maio, 2013].
- GARCÍA NEGRO, Pilar (2006): «Rosalía de Castro: una feminista en la sombra», *Arenal, Revista de Historia de las Mujeres*, 13:2, 335-352.

- GARCÍA NEGRO, Pilar (2010a): *O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.
- GARCÍA NEGRO, Pilar (2010b): «Historia xinocéntrica na obra de Rosalía de Castro: Foro e Faro», *Festa da Palabra Silenciada*, 26, 14-25.
- GEOFFRION-VINCI, Michelle (2002): *Between the maternal aegis and the abyss: woman as symbol in the poetry of Rosalía de Castro*, Madison, Fairleigh Dickinson U. Press.
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Helena (2009): «La mujer que no es sólo metáfora de la nación. Lectura de las viudas de vivos de Rosalía de Castro», *Lectora*, 15, 99-116.
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Helena (2010): «A comunidade sen heroes, ou cando a vindicación artella a nación», *Festa da Palabra Silenciada*, 26, 6-13.
- GONZÁLEZ LIAÑO, Iria (2001): «La traducción del discurso feminista en la obra de Rosalía de Castro», en Anne Barr / Jesús Torres del Rey / Rosario Martín Ruano (eds.), *Últimas corrientes teóricas en los estudios de traducción y sus aplicaciones*, Salamanca, Universidad, 269-278.
- GONZÁLEZ LIAÑO, Iria (2002): «Tradución e xénero: o feminismo de Rosalía de Castro traducido ó inglés», *Viceversa*, 7/8, 109-130.
- GONZÁLEZ LIAÑO, Iria (2007): «Socioloxía das literatas na Galicia do Rexurdimento. A singularidade do pensamento feminista de Rosalía de Castro», en Helena González Fernández / María Xesús Lama López (eds.), *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos / Universitat de Barcelona, 133-142.
- MARCH, Kathleen (1990): «Lieders, ¿primeiro manifesto feminista na Galiza?» en Kathleen March (ed.), *Homenaxe a Ramón Martínez López*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro, 13-22.
- MARCH, Kathleen (1994): *De musa a literata: el feminismo en la obra narrativa de Rosalía de Castro*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro.
- MASSARDIER-KENNEY, Françoise (1997): «Towards a Redefinition of Feminist Translation Practice», *The Translator*, 3:1, 55-69.
- NIKOLAIDOU, Ioanna / María LÓPEZ VILLALBA (1997): «Re-belle et infidèle o el papel de la traductora», en Román Álvarez / África Vidal (eds.), *El papel del traductor*, Salamanca, Ediciones Colegio de España, 59-84.
- REIMÓNDEZ, María (2009): «Adeus ríos, ola océanos. As traducións de Rosalía de Castro», en Anxo Angueira (ed.), *Rosalía 21*, Vigo, Xerais, 85-94.
- RODRÍGUEZ, Francisco (2011): *Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria (a persoa e a obra de onte a hoxe)*, [A Coruña], AS-PG.
- SMITH, Michael (ed.) (2007): *Rosalía de Castro. Selected Poems*. [Trad. Michael Smith]. Exeter, Shearsman.
- TOLLIVER, Joyce (2002): «Rosalía Between Two Shores: Gender, Rewriting, and Translation», *Hispania*, 85:1, 33-43.

